



Blaise Pascal

(Clermont, 1623-París, 1662)



Matemático, físico, filósofo católico e escritor.

As súas contribucións ás Matemáticas e ás ciencias naturais inclúen o deseño e a construción de calculadoras mecánicas, achegas á Teoría da Probabilidade, investigacións sobre os fluídos e a clarificación de conceptos tales como a presión e o baleiro.

En 1640, o seu pai foi nomeado comisario real e xefe da recadación de impostos para Normandía. Por iso, en 1642, Pascal inventou para el a «roue pascaline», roda de Pascal, ou «Pascalina», considerada como unha das calculadoras máis antigas. Inicialmente só permitía realizar sumas, pero no curso dos dez anos seguintes recibiu permanentes melloras, ata ser finalmente capaz de realizar restas.

Pascal patentouna, pero non se cumpriron as súas expectativas de facerse rico comercializando o seu invento por medio dunha pequena empresa da súa propiedade. As máquinas, traballosamente confeccionadas unha a unha, e á man, eran caras abondo como para poder venderse en grandes cantidades e só chegou a fabricar cincuenta, das que subsisten nove.

Logo dunha experiencia relixiosa profunda en 1654, Pascal abandonou as Matemáticas e a Física para dedicarse á Filosofía e á Teoloxía.